

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A DIOCESE DE TUI – VIGO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar un convenio coa Diocese de Tui-Vigo por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da súa ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de poder acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Secretaría Xeral da Emigración ten entre as súas competencias a de procurar que a colectividade de emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para isto, entre outras actuacións, vén prestando apoio a todas aquelas persoas que buscan familiares ou documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediación entre elas e as fontes onde se gardan os arquivos xenealóxicos.

O Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da Diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social. Estes fondos documentais son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a demostrar a súa ascendencia galega a moitas persoas descendentes da emigración galega.

Entre os fondos parroquiais atópanse os “libros sacramentais”. Estes libros teñen o seu comezo no século XVI e nestes os párrocos anotaban a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias como bautismos e matrimonios, así como as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai; do avó e da avoa; así



como o nome e enderezo do padriño e da madriña . Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.

Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión por internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

Dadas as características das actuacións que se van desenvolver e a natureza da entidade, esta secretaría xeral, tendo en conta o disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considera o Arquivo Histórico Diocesano de Tui-Vigo como idóneo para desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, non sendo posible promover a concorrència pública, pois estes fondos atópanse unicamente nos libros sacramentais das dioceses e subscríbense convenios coas cinco dioceses que abranguen toda a distribución territorial de carácter relixioso da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Secretaría Xeral da Emigración achegará para financiar os gastos derivados do desenvolvemento das accións recollidas neste convenio unha contía de **dous mil cincocentos euros (2.500 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

